

Esbozo descriptivo gramatical do lingala

Esbozo realizado a partir da información recollida por: Sonia Barreiro Blanco, Magdalena Casal, Alexandre Ínsua, María Serrano e Carmen Vidal como porposta de traballo en grupo na materia “Tipoloxía Lingüística ” (ano académico 2000-2001), optativa de segundo ciclo da licenciatura de *Filoloxía Hispánica* da Universidade de Vigo.

I. INTRODUCCIÓN: FILIACIÓN XENÉTICA E RASGOS XERAIS.

O lingala é unha lingua da familia bantú (*phylum*: bantú: nixer-cordofana) situada xeógraficamente no Congo- Kinshasa (Alto e Baixo Congo e a capital Kinshasa), Congo-Brazzaville (contra a fronteira leste), e a República Centroafricana. (no sur). O número aproximado é de preto de nove millóns (8'5 millóns no Congo- Kinshasa, 300.000 no Congo-Brazzaville e un número indeterminado na República Centroafricana)

Para considerar a situación sociolingüística do lingala débese tratar por separado os tres estados dos que temos constancia o seu uso. En primeiro lugar, no Congo-kinshasa o lingala é a lingua materna e/ou segunda de preto con 8,5 millóns de falantes (o 20.1% da poboación) . No proxecto da constitución de 1998 proclámanse linguas oficiais o francés e o inglés, sen prexuízo das “linguas nacionais”: swahili, lingala, kikongo e chiluba. Aínda así, a maior parte das milicias armadas e dos “aliados de guerra” ruandeses, ugandeses, zimbabwanos e namibianos empregan o inglés, lingua tamén da nove elite logo da toma do poder por parte de Laurent Kabila.

Aínda así, en canto lingua nacional o lingala é empregado no parlamento, nos tribunais de xustiza civil e de primeira instancia, sempre que haxa tradutores. Tamén é empregada na administración pública nos territorios onde é lingua materna e tamén dentro das forzas armadas non extranxeiras. A situación caótica do sistema educativo imposibilita un estudio de unha linguas ou nunha lingua determinada a nivel primario. a secundaria é impartida totalmente en francés e nos institutos superiores e nas setes universidades o ensino tamén é nesa lingua.

A maioría dos *medias* empregan o francés: os xornais da capital *Le Palmarès*, *Le Potentiel*, *Le Phare*, *Tempête des tropiques*, etc... só *Black Store* está en inglés. A maioría dos xornais locais está en cadansua lingua nacional. (kikongo, lingala, swahili e chiluba). O 60% das emisións na radio son difundidaas nas catro lingaus, o resto en francés e inglés. A TV estatal, emprega as linguas nacionais para os noticiarios e os programas folclóricos, deitando o francés ou inglés para o resto da programación.

"*Le Congo, c'est la France.*" Esta é a afirmación mási clara sobre a situación no Congo-Brazzaville, xa que a Constitución consagra como lingua oficial o francés e como vehiculares o lingala (13%) e o munukutuba. Polo tanto toda a vida parlamentaria, todo procedemento xudicial, a administración pública, todo o sistema educativo, os grandes negocios son enteiramente en francés. Pola contra, as comunicacións interpersonais, privadas, familiares, relixiosas, etc... son en munukutuba, kikongo ou lingala.

Carecermos de datos concretos sobre o seu emprego no sur da República Centroafricana, así como o recoñecemento legal aínda que nos consta o seu emprego como lingua franca.

DIVISIÓN DIALECTAL: Carece de variación diatópica significativa pola existencia dun forte centro unificador en Kinshasa.

3. OUTROS DATOS RELEVANTES:

Posúe certo estatuto de lingua franca en Congo-Brazzaville e Congo-Kinshasa; ademáis existe un pidgin de base lingala chamado *bambala* no norte do Congo-Brazzaville. A primeira tradución da Biblia é de 1970, o Novo Testamento de 1942-1992 e outras partes entre 1908-1968. O seu emprego por parte do exército e a policía, a administración e a poítica, así como na xustiza, nas misións e na música moderna en Congo-Kinshasa, fan pensar que o lingala poida acadar un estatuto de lingua “inter-tribal” do antigo Zaire.

II. FONOLOXÍA.

O sistema fonolóxico do lingala esta recollido nos cadros seguintes máis algunha anotación que facemos ao final.

1. Sistema vocálico

	Anterior	Central	Posterior
Alta	i		u
Medio-pechada	e		o
Medio-aberta	ɛ		ɔ
Baixa		a	

Ademais dos sete fonemas vocálicos o lingala posúe dúas semivocais, unha padal (y) e ou velar (w). En canto aos diptongos, admite cinco, todos descendentes: /ei, ɛi, ai, oi/ e /ɔi/.

2. Sistema consonántico

	Bilabiais		Labiodentais		Alveolares		Velares	
	Xorda	Son.	Xorda	Son.	Xorda	Son.	Xorda	Son.
Oclusivas	p	b			t	d	k	g
Fricativas			f	v	s	z		
Laterais						l		
nasais		m				n		

Existe unha serie de fonemas prenasalizados, unha consoante introducida por unha nasal e que forma unha soa unidade articulatoria: /m'b, m'p, n't, n'd, n's, n'z, ŋ'g/ e /ŋ'k/. Sen embargo en posición inicial neutralízase as fomas normais e as prenasalizadas: /n'sósó/ ou /sósó/, “polo”; /m'pási/ ou /pási/, “dor”; /m'bóngó/ ou /bóngó/, “diñeiro”, etc... Preferentemente, utilízanse máis as formas prenasalizadas coas consoantes sonoras e menos coas xordas.

3. Rasgos suprasegmentais e nota ortográfica.

O ton é distintivo en lingala. Existen dous tons básicos: alto (´) e baixo (˘). Ademais existen dous máis con carácter secundario, o ascendente (ˇ), e o descendente (^).¹ O ton serve para marcar diferencias léxicas: *moto* ‘persoa’ de *motó* ‘cabeza’, *kokoma* ‘escribir’ e *kokóma* ‘chegar’ e gramaticais:

<i>basáli</i>	
<i>ba-</i>	<i>-sáli</i>
1ªPL	traballador
“os traballadores”	

<i>basáli</i>		
<i>ba-</i>	<i>-sál-</i>	<i>í</i>
2PL	ter traballo	PRES
“Teñen traballo”		

<i>básáli</i>		
<i>bá-</i>	<i>-sál-</i>	<i>-í</i>
2PL:SUB	ter traballo	PRES
“(que) eles teñan traballo”		

Na escrita, non se marcan a vocais abertas e pechadas e só os tons que teñen carácter distintivo. Son marcadas son as entoación interrogativa e exclamativa cos só signos convencionais de peche (‘?’ e ‘!’).

¹ Rexistramos un único caso de ton descendenta-ascendente: *Ngō* ‘¡Ola!’.

III. ESTRUCTURA DE LA CLÁUSULA

0. Orden de constituíntes

No lingala é posible distinguir formalmente as funcións sintácticas suxeito (en cláusulas transitivas e intransitivas) e obxecto. A orde básica é SVO, como en (1), caso de intransitiva

- (1) *Kodi a- -kóm- -í.*
 Kodi 3SG:AN chegar PRES
 “Chega Kodi.”

ou en (2) caso de transitiva, se ben de aparecer o “noso” indirecto precede ao directo:

- (2) *Kodi a- -pés- -í ngái mo- -kanda.*
 Kodi 3SG:AN dar PRES 1SG 2ªSG carta.
 “Kodi dáme a min a carta.”

A orde da cláusula é fixa xa que é a principal forma de marcar as funcións sintácticas porque o verbo concorda só con participante A e a marcación dos outros participantes depende só da súa posición.

1. A expresión dos participantes en cláusulas transitivas e intransitivas

1.1. Expresión do suxeito.

O lingala é unha lingua nominativo-acusativa de orde fixa e sen ningún tipo de marcación variable. O substantivo non posúe morfemas de nominativo nin adposicións. A función de suxeito márcase con un prefixo de concordancia en número, persoa e animacidade (só para a terceira persoa no verbo, tanto nas cláusulas intransitivas coma nas transitivas, como podemos apreciar en (3) e en (4):

- (3) (*Ngái*) *na-* *-kwéy-* *-ákí*
 (1SG:AN) 1SG:AN cair PASR
 “(El) caín.”

- (4) *Sendi a-* *-lob-* *-í.*
 Sendi 3SG:AN falar PRES
 “Sendi fala.”

1.2. Expresión de Obxecto.

O lingala presenta un caso de marcación de obxecto primario e obxecto secundario. Para a expresión destas dúas funcións e tamén para a súa diferenciación, o lingala non emprega nin

morfemas relacionais nin adposicións, o recurso empregado é a orde. Os obxectos van despois do verbo en orde O1 e O2 (agás nas cláusulas escindidas.):

- (5) *Kodi a- -kom - -í mo- -kandá*
 Kodi 3SG:ANescribir PRES 2^aPL carta
 "Kodi escribe unha carta."
- (6) *Kodi a- -pés- -í Sendi mo- kandá*
 Kodi 3SG:ANdar PRES Sendi 2^aPL carta
 "Kodi dálle unha carta a Sendi."

2. Cláusulas copulativas

A predicación copulativa exprésase utilizando o verbo *kozala*, “ser”, entendido non só como proceso relacional [Cfr. (9)]:

- (7) *Nasha a- -zal- -í mo- -to Mwíndo.*
 Nasha 3SG:ANser PRES 1^aSG persoa africano
 “Nasha é africana.”

3. Funcións non centrais: adposicións

Antes de falar do sistemas da adposicións, cómpre distinguir entre a modificación nominal, os casos “semánticos” e de circunstancias. En primeiro lugar, a modificación nominal, márcase coa utilización dun morfema conectivo que relaciona os dous elementos:

- (8) *Bi- -lóko ya Kodi.*
 4^aPL cousa CON Kodi.
 “As cousas **de** Kodi.”

Por outro lado, en lingala só hai unha única preposición *na* que manifesta as diferentes posibilidades en combinación con un verbo determinado:

- (9) *O- -zal- -akí na Ø- -bureau té.*
 2SG ser PASR en 5^aSG oficina non.
 “Ti non estabas **na** oficina.” (**inesivo**)
- (10) *A- -lál- -í na Ø- -mbeto.*
 3SG:ANdormir PRES en 5^aSG cama
 “Esta a durmir **sobre** a cama.” (**adesivo**)
- (11) *Na- -át- -akí na Mbandaka.*
 1SG vir PASR desde Mbandaka.
 “Veño **de** Mbandaka.” (**ablativo**)

- (12) *Bo- -ke- -í na Kinshasa.*
 2PL ir PRES a Kinshasa.
 “Ides a Kinshasa.” (alativo)

pero tamén existen locucións preposicionais xunto co conectivo:

- (13) *A- -át- -í na káti ya Ø- -ndáko.*
 3SG:ANvir PRES desde dentro CON 5ªSG casa.
 “Ven desde dentro da casa.”

Por outro lado, para a indicación da localización espacial existen tres adverbios *áwa*, *kúná* e *wána*, “aquí”, “aí” e “alí”. Os outros adverbios (todos léxicos) non están organizados en oposicións.

4. Diátese e voz

En lingala a variación diatéctica e de voz son expresadas por una serie de infixos verbais coñecidos como *extensión radical* (ER). Están situadas entre o radical e o morfema de tempo. O seu degraio de produtividade é variable de morfema a morfema; nalgún caso é un morfema verbal como os outros e noutros casos pode considerarse como formas lexicalizadas.

4.1. Diátese.

4.1.1. Aumento de valencia.

Hai dous procedementos de aumento de participantes. En primeiro lugar, o morfema **causativo** *-is-* introduce o instigador do proceso:

- (14) *Kodi a- -yeb- -í Nasha a- -lamb- -akí.*
 Kodi 3SG:ANsaber PRES Nasha 3SG:ANcociñar PASR
 “Kodi sabe que Nasha cociñou.”

- (15) *Sendi a- -yeb- -is- -í Kodi Nasha a- -lamb- -akí.*
 Sendi 3SG:ANsaber CAUS PRES Kodi Nasha 3SG:ANcociñar PASR
 “Sendi **informa** a Kodi que Nasha cociñou”. (lit. “Sendi fai saber a Kodi que Nasha cociñou.”)

Os verbos *kolíya*, “comer”, *koswâ*, “morder”, e *koyâ*, “vir” teñen formas irregulares: *koléisa*, *koswéisa* e *koyéisa*. Tamén algunha forma causativa está fixada lexicalizada e carece de radical non causativo: *kokanisa*, “pensar” ou *kolímbisa*, “perdoar”. Estas formas son susceptibles de lles ser aplicada a asimilación tonal regresiva, unha sorte de harmonía tonal parcial que parte dos tons das desinencias temporais cara o radical. Compárese o infinitivo *kokanisa* con:

- (16) *Na- -kanís- -ákí- o- -yeb- -í yé.*
 1SG pensar PASR 2SG saber PRES 3SG:AN
 “Pensaba que a/o coñecía.”

ademais, presenta un alorforfo –ol- ante o reversivo –w-, que invirte o proceso designado pola forma básica do verbos: *konyánga* “solidificar” frente a *konyángwa* “fundir”. Un exemplo do alomorfo pode ser *konyángola* “**fac**er fundir”.

O outro procedemento de transitivización é a **construción aplicativa**. Para verbos que, en principio, presentan dous participantes (A e P) introdúcese o morfema –el- e un terceiro participante especialmente relevante cando non se menciona o participante P:

- (17) *Nasha a- -lámb- -él- -ákí bisó.*
 Nasha SG:AN cocinhar **APL** PASR 1PL.
 “Nasha cocinou (algo) **para nós.**”

4.1.2 Diminución de valencia.

Para a diminución valencial bótase man de tres morfema diferentes. O máis importante é a forma –an-, á vez **recíproca, reflexiva e estativa**:

- (18) *Ba- -ling- -an- -í.*
 2PL amar **REC** PRES
 “Queréñse (un a outro).”

outro é o morfema –mi- de **reflexivización**, que se coloca entre o morfema de futuro e o radical:

- (19) *Na- -ko- -mí- -tún- -a.*
 1SG FUT **REF** preguntar EXPL
 “Preguntareime (a min mesmo).”

o terceiro morfema é o **estativo** –al-, o menos productivo de todos:

- (19) *Na- -tik- -ákí mi- -kandá na bureau.*
 1SG deixar PASR 2ªPL carta en oficina.
 “Deixei as cartas na oficinas”

e

- (20) *Mi- kandá e- -tik- -al- -ákí na bureau.*
 2ªPL carta 3PL:INAN deixar **EST** PASR en oficina.
 “As cartas **ficaron** na oficina.”

4.2. Voz.

En lingala existe a **construcción pasiva** introducindo o sufixo *-am-*. Nesta poden ser suxeito todos aqueles obxectos nas transitivas e exprésase pola concordancia verbal. O axente é introducido por una perposición e optativo:

(22) a. activa: *Kodi a- -kang- -í mo- -tuka.*
 Kodi 3SG:AN pechar PRES 2ªSG coche.
 “kodi pecha o coche.”

b. pasiva: *Mo- -tuka e- -kang- -am- -í (na Kodi)*
 2ªSG coche 3SG:INAN pechar PSV PRES (por Kodi)
 “O coche é **pechado** (por Kodi).”

5. Expresión das funcións informativas.

Como dixemos, en lingala a orde de constituíntes é fixa, pero existe un procedemento de tematización que consiste na colocación en primeiro lugar do elemento tematizado, logo a marca de tematización e a continuación a cláusula tal como sería na construción normal. Os marcadores de tematización son *moto* para persoas e *elóko* para causas. Outros marcadores poden ser os pronomes de terceira persoa *yé*, *bangó* e *yangó* para singular, plural e referentes inanimados. Tamén é posible a tematización utilizando como partícula a serie de demostrativos, pero «enchendo» a posición habitual da forma substituída por unha pronominal. Estas construcións escindidas (*cleft construction*) pódese dar co suxeito:

(23) *Sendi moto a- -sómb- -í Ø- -ndáko.*
 Sendi TEMA 3SG:AN mercar PRES 5ªSG casa.
 “Sendi é quen merca a casa.”

e tamén no obxecto:

(24) *Ø- -Kiti elóko na- -búk- -ákí.*
 5ªSG cadeira TEMA 1SG romper PASR
 “É a cadeira que eu rompín.” (lit. A cadeira, rompina)

para realzar esta construción pode utilizarse o adverbio *ndé*:

(25) *Bangó ndé moto ba- -sómb- -í Ø- ndáko.*
 3PL:AN certamente TEMA 3PL:AN mercar PRES 5ªSG casa.
 “Efectivamente, son eles quen merca a casa.”

IV. NOMBRES E FRASES NOMINAIS.

(a) Categorias nominais

1. Clases nominais

Os nomes en lingala clasifícanse en oito clases, que distinguen singular, plural e o plural asociativo pero non hai marca de determinación. Na tradición lingüística bantú, numéranse como

clases diferentes, correspondendo os impares ao singular e os pares ao plural. Na lista indícase a numeración simplificada que empregamos aquí e entre corchetes a numeración tradicional común a todas as linguas bantús:

A clase 1^a [1, 1b, 2] *mo-*, \emptyset -, *ba-*. É a clase dos referentes animados (*moto/bato* ‘persoa’). Os préstamos europeos con referentes animados son incluídos no par 1b/2 (*sodá/basodá* ‘soldado’)

A clase 2^a [3, 4] *mo-*, *mi-*. Esta clase contén referentes animados e inanimados (*motó/mitó* ‘cabeza’, *moyíbi/miyibi* ‘ladrón’ ata o punto de que algunha palabra da clase 1 pode formar o plural co prefixo da clase 2^a : *mokóló/ bakóló* ou *mikóló*).

A clase 3^a, [5, 6], *li-*, *ma-*, reúne referentes inanimados. (*liloba/maloba* ‘mundo’)

A clase 4^a [7, 7b, 8] *e-*, *ki-*, *bi-*. A maioría dos substantivos que a forman son inanimados, pero non exclusivamente (*etumba/bitumba* ‘guerra’, *eloko/ biloko* ‘cousa’). O morfema 7b forma os nomes de linguas agás Lingala (*Kimongo* ‘lingua de Mongo’) e tamén comportamentos prototípicos (*kindúmá* ‘o comportamento das prostitutas’).

A clase 5^a [9, 10] \emptyset -, \emptyset -. Esta clase contén nomes inanimados (*ngómbá/ngómbá* ‘montaña’, *zémi/zémi* ‘mercado’)

A clase 6^a [11, 6] *lo-*, *ma-*. Está formada por nomes incontables e abstractos (*lokúmu* ‘honor’, *lokolo/makolo* ‘perna, pé’).

A clase 7^a [14] *bo-*. Todos os nomes son incontables e abstractos (*bolingo* ‘amor’, *bobóro* ‘paz’)

A clase 8^a [15] *ko-*. Pertencen a esta os infinitivos (*koliga* ‘querer’, *koyába* ‘saber’)

2. Número

O número en lingala márcase con un prefixo con xa se indicou arriba. Existen tres número en lingala, o singular, plural e o chamado asociativo:

- (26) a. singular *lo-* *-kolo*
 3^aSG perna
 “perna”
 b. plural *ma-* *-kolo*

- 3^aPL pierna
 “pernas”
 c. asociativo *ba-* - *ma-* - *loba*
 ASO 3^aPL palabra
 “as palabras”

A concordancia dáse con algún adxectivo e cando o substantivo é o suxeito:

- (26) a. *e-* - *lóko* *mo-* - *néne*
 4^aSG casa SG grande
 “casa grande”
 b. *ngái* *na-* - *sal-* - *í*
 1SG 1SG caminar PAS
 “eu camiño”

(b) Os pronomes personais

Os pronomes distinguen ademais de tres persoas e dous números entre referentes animados e inanimados:

	Animado		Inanimado	
	SG	PL	SG	PL
1	<i>ngái</i>	<i>bísó</i>		
2	<i>yó (yǒ)</i>	<i>bínó</i>		
3	<i>yé (yě)</i>	<i>bangó</i>	<i>yangó</i>	<i>yangó</i>

(c) Estructura da frase nominal

A orde de constituintes maioritario en lingala é **núcleo-modificador**, como se pode apreciar en:

- (27) *mo-* - *tuka* *ya* *Kodi*
 2^aSG coche CON Kodi
 “o coche de Kodi”

como xa se apuntou arriba (apartado III. 3) o lingala posúa unha única preposición con varios significados.

1. Demostrativos

O lingala fai unha distinción entre unha serie de demostrativos como determinantes e outra como pronomes. A posición dos demostrativos é postposta. A primeira serie de determinantes esta composta por tres elementos (*óyo*, *wâna*, *yangó*) que se organizan en función da proximidade:

- (28) a. *ndáko óyo*= “esta casa.”
 b. *ndáko wâna*= “esa casa.”
 c. *ndáko yangó*= “aquela casa”

reproducimos a segunda serie na seguinte táboa:

	Especificado		Non especificado (e inanimado)
	Singular	plural	
DEM1	<i>óyo</i>	<i>baóyo</i>	<i>óyo</i>
DEM2	<i>óyo wâna</i>	<i>baóyo wâna</i>	<i>wâna</i>
DEM3	(<i>yé yangó</i>)	(<i>bangó yangó</i>)	<i>yangó</i>

a distinción entre especificado fronte a non especificado/indeterminado queda explícito cando se contrastan:

- (29) a. especificado *Óyo* *a-* *-kend-* *-ekí* *na* \emptyset - *-ndáko*
 DEM1:SG 3SG ir PASR a 5ªSG casa
 “este/a foi a casa.” (neste contexto presupónse que a persoa é coñecida por todos os interlocutores ou xa foi referida no discurso anteriormente ou o coñecemento débese a algún mecanismo implicacional.)

- b. non especificado
Ná- *-yéb* *-ís-* *-a* *yó* *óyo:* *m-* *wána* *na yó* *a-* *-bim-* *-aka* *múngi*
 1SG:SUB saber CAUS EXPL 2SG DEM1 1SG neno POS2SG 3SG:A SAÍR HAB CUAN
 N

“Deixa que che diga isto: o teu fillo sae moito.”

2. Numerais.

O **sistema numeral** do lingal é de base decimal. Os principais cardinais son: 1 *mõto*, 2 *míbalé*, 3 *mísátu*, 4 *mínei*, 5 *mítáno*, 6 *motóba*, 7 *sambo*, 8 *mwambe*, 9 *libwá*, 10 *zómi*, *túkú* ‘decena a partir de vinte’, *kámá* ‘cento’ e *kóto* ‘milleiro’. Os números fórmase con *na* ‘e’ tal que 1472 *tóto míbale na kámá mínei na tókú sambo na míbalé*. O ordinal fórmase substituindo na por *ya*. *Mõto* ten a forma irregular *ya libosó*.

Túkú, káma e kóto son substantivos, o resto dos numerariais son modificadores. *Móto* pode funcionar como cuantificador indefinido. Outros **cuantificadores** son *míngi* ‘moito’ para incontables, *elebé* ‘moitos’ para contables, *moké* ‘pouco’, *nyónso* ‘cada un /todos’ e *mosúsu* ‘outro’.

3. Calificación adxectiva.

A posición dos adxectivos é núcleo-modificador. Os adxectivos clasífanse en variables, invariables e as modificacións co conectivo: Os variables son só catro: *-néne* (grande), *-ké* (pequeno), *-laí* (largo) y *-kúsé* (corto). e concordan en número cos prefixos *mo-* para o singular e *mi-* para o plural:

- (30) a. variables *ma-* *-pángo* *mi-* *ké*
 3^aPL recinto PL pequeno
 “recintos pequenos.”
- b. variables *e-* *-lamba pembe*
 4^aPL tea branco
 “tea branca.”
- c. modificación a medio de conectivo
ba- *-to* *ya* *mo-* *kili*
 1^aSG persoa CON 3^a mundo
 “persoas **de** mundo.”

4. Calificación 'posesiva' pronominal.

O lingala distingue entres posesivos come determinantes e como pronomes, pero non distingue entre posesión alienable e inalienable. Para expresar a relación de posesión utilízanse os conectivos *na* para o determinantes e *ya* para os pronomes. Na seguinte táboa reproducimos as dúas series:

	Determinantes				Pronomes	
	Animados		Inanimados		SG	PL
	SG	PL	SG	PL		
1	<i>na ngái</i>	<i>na bisó</i>			<i>ya ngái</i>	<i>ya bisó</i>
2	<i>na yó</i>	<i>na binó</i>			<i>ya yó</i>	<i>ya binó</i>
3	<i>na yé</i>	<i>na bangó</i>	<i>na yangó</i>	<i>na yangó</i>	<i>ya yé</i>	<i>ya bangó</i>

A serie pronominal pode prescindir do verbo copulativo.

- (31) a. determinante \emptyset - *-ndáko* **na ngái**
 5^aSG casa POS1SG
 “**A miña** casa”
- b. pronome \emptyset - *-ndáko* *e-* *-zal-* *-í* *ya ngái*

	5ªSG	casa		3SG:INA	ser	PRES	POS1SG
							“A casa é miña .”
c. sen cópula	∅-	-ndáko		ya	ngái		
	5ªSG	casa		POS1SG			
							“A casa é miña .”

5. Calificación nominal

A calificación posesiva nominal está a camiño entre a relación de posesión e a adxectivización. O modificador segue ao núcleo e márcase co conectivo *ya* antes deste:

- (32) *Mo- -túka ya Kodi.*
 2ªSG coche CON Kodi
 “O coche de Kodi.”

V. CATEGORÍAS VERBAIS

En lingala, as diferentes formas verbais fórmase a partir do radical que aporta o significado léxico e qu é tonal e morfoloxicamente invariable. a secuencia mási común para este radicais é CV ou CVC, aos que se lle engaden despois os morfemas pertinentes para a formación elexida. A orde de morfemas e a seguinte (a barra “/” indica alternancia e os parénteses optatividade):

imperativo / infinitivo / persoa	(prefixo de futuro)	(prefixo reflexivo)	RADICAL	(suf. de transitividade)	suf. de tempo / expletivo
---	--------------------------------	--------------------------------	----------------	-------------------------------------	--

O modo márcase modificando o ton no prefixo de número e persoa. Un exemplo de esta estrutura podemos apreciala no seguinte exemplo:

- (33) *ko-* *-nyáng-* *-w-* *-is-* *-a*
 INF solificarse REV CAUS EXP
 “fundirse”

A inmensa maioría dos verbos encaixan perfectamente neste sistema, mesmo os verbos procedentes de outras linguas que non teñen a canónica CV ou CVC. Pero este sistema non é totalmente regular, xa que existen algunhas formas irregulares. Ademais os radicais verbais poden ser base para a formación de sustantivos: *ko – sál – a* “traballar” → *mo – sáli* “traballador”.

En lingala existe un número reducido de verbos preposicionais, que non é un mecanismo de rección, senón de derivación léxica:

- kozala* ‘ser’ → *kozala na* ‘ser con, ter’
kokenda ‘ir’ → *kokenda na* ‘ir con, coller’
koyâ ‘vir’ → *koyâ na* ‘vir con, traer’

O verbo concorda en número en animacidade co suxeito seguindo o seguinte cadro de prefixos verbais (PV) de persoa:

	Animado		Inanimado	
	SG	PL	SG	PL
1	<i>na-</i>	<i>to-</i>		
2	<i>o-</i>	<i>bo-</i>		
3	<i>a-</i>	<i>ba-</i>	<i>e-</i>	<i>e-</i>

1. Tempo, aspecto e modo

O lingala gramaticaliza catro tempos: presente, futuro, pasado recente e pasado distante. **O presente** fórmase co **PV+Raíz+i**. e , de forma básica, indica que o evento é simultáneo ao momento da enunciación:

- (34) *Kodi a- -lob- -i na mo- -tuka.*
 Kodi 3SG:ANfalar **PRES** en 2ªSG coche.
 “Kodi fala no coche.”

pero se o radical finaliza na semivocal /w/ a marca de presente é *-é* en lugar de *-í*. Ademáis os verbos *koyâ* ‘vir’, *kolíya* ‘comer’, *kokende* ‘ir’, *koswâ* ‘morder’ posúen formas irregulares: *nayéí*, *naléí*, *nakeí*, *naswéí*, ‘eu veño, como, vou, mordo,’ respectivamente. Na lingua falada, frecuentemente rápida e descoidada o presente de *kozala* ‘ser, estar’ presenta unha forma sincopada *-zá*:

<i>Conxugación contracta de kozala ‘ser, estar’</i>				
	Animado		Inanimado	
	SG	PL	SG	PL
1	<i>nazá</i> ‘eu son’	<i>tozá</i> ‘nós somos’		
2	<i>ozá</i> ‘ti es’	<i>bozá</i> ‘vós sodes’		
3	<i>azá</i> ‘el/ela é’	<i>bazá</i> ‘eles/elas son’	<i>ezá</i> ‘isto, esta cousa é’	<i>ezá</i> ‘estas cousas son’

O futuro fórmase co **PV+ko+Raíz+a** (EXP) e sinal que o evento é posterior ao momento da enunciación:

- (35) *Kodi a- -ko- -lob- -a na mo- -tuka.*
 Kodi 3SG:ANFUT falar **EXP** en 2ªSG coche.
 “Kodi falará no coche.”

O pasado recente expresa anterioridade próxima do evento ou acción respecto ao momento da enunciación. Esta noción de proximidade temporal pode concretarse nalgunha mención explícita no discurso a medio de adverbios ou elementos equivalentes ou a unidade en que se insire o evento pode estar implicada na conversa ou ser sentida como próxima polo falante. A súa forma é **PV+Raíz+ ákí**:

- (36) *Kodi a- -lob- -ákí na mo- -tuka.*
 Kodi 3SG:ANfalar **PASR** en 2ªSG coche

“Kodi falou no coche.”

O **pasado distante** describe acción ou eventos sen unha forte relación co presente e indica que aqueles tiveron lugar nun pasado non especificado ou definido ou descoñecido para o falante. Fórmase VP+Raíz+áká:

- (37) *Kodi a- -yeb- -ís -áká ngái yangó na mo- -tuka.*
 Kodi 3SG:ANsaber CAUS **PASD** 1SG 3SG:INAN en 2ªSG coche
 “Kodi contoumo no coche.” (pero hai moito tempo)

O **aspecto** en lingala presenta unha distinción aspectual máis profunda no tempo presente, que pode expresar tres aspectos diferentes: imperfectivo, perfecto e habitual. Ademais en lingala a semántica do presente de un evento depende do modo da acción (*Aktiosart*) en que está conceptualizado o verbo. Deste modo os verbos concebidos como imperfectivos “ser, pensar, saber...” deben ser interpretados en presente con formas imperfectas, mentres que verbos perfectivos como “comer, bater...” deben ser interpretados como perfectos. Hai, por suposto, forma de modificar isto, nos primeiros verbos conxugando o presente perfecto e nos segundos o aspecto habitual. O presente perfecto fórmase co sufixo - **á** e o habitual con - **aka**.

- (38) a. *Kodi a- -lob- -í na Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:ANfalar **PRES** en 5ªSG casa.
 “Kodi fala na casa.”
- b. *Kodi a- -lob- -á na Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:ANfalar **PRESP** en 5ªSG casa.
 “Kodi falou en casa” (esp. ‘ha hablado’, fr. ‘il a parlé’, ing. ‘he has talked’)
- c. *Kodi a- -lob- -aka na Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:ANfalar **HAB** en 5ªSG casa.
 “Kodi fala en casa (normalmente)”

Existen outros procedementos para indicar o aspecto, concretamente hai tres perífrases que marcan cadanseu aspecto:

Perífrase incoactiva (*kolina* ‘querer’ conxugado máis un verbo en infinitivo):

- (39) *Kodi a- -ling- -í ko- -somb--a Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:AN **querer** **PRES** **INF** **mercar** **EXP** 5ªSG casa.
 “Kodi quere mercar a casa, está para mercar a casa, vai mercar a casa agora...”

Perífrase resultativa (*koúta* ‘vir, chegar’ conxugado máis un infinitivo):

- (40) *Kodi a- -út- -í ko- -béng- -a yé.*
 Kodi 3SG:AN vir PRES INF chamar EXP 3SG:AN.
 “Kodi acaba de chamalo agora mesmo.”

Perífrase progresiva (*kozala* ‘ser’ conxugado máis infinitivo)

- (41) *Kodi a- -zal- -í ko- -lob- -a na Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:AN ser PRES INF falar EXP en 5ªSG casa
 “Kodi está a falar en casa.”

nesta perífrase é frecuente atopar as formas contractas no presente (ver apartado do tempo presente)

O lingala distingue tres **modos** básicos indicativo, subxuntivo e imperativo. O indicativo é unha forma básica do verbo, mentres que o subxuntivo fórmase modificando o prefixo de persoa, nomeadamente, subíndolle un ton e é a forma da implicación do falante na acción e o imperativo fórmase unindo ao radical e o expletivo cun ton alto:

- (42) a. presente. *Kodi ayebisí ngái yangó na motuka.* = “Kodi cóntamo no coche”
 b. subxuntivo. *Nalingí te Kodi áyebisí ngái yangó na motuka.* = “Quero que Kodi mo conte no coche.”
 c. imperativo. *Kodi, yebisá ngái yangó na motuka.* = “Kodi, cóntamo no coche”

Igual que as perífrases aspectuais tamén existen dúas perífrases modais:

Perífrase volitiva (*kolinga* ‘querer’ conxugado máis un verbo en subxuntivo) que é una construción paralela á perífrase aspectual incoactiva, a diferenza estriba no verbo ‘auxiliado’:

- (43) *Kodi a- -ling- -í á- -sómb- -a Ø- -ndáko*
 Kodi 3SG:AN querer PRES 3SG:AN mercar EXP 5ªSG casa
 “Kodi quere mercar a casa”

Perífrase de necesidade epistémica (*kolinga* ‘querer’ conxugado máis verbo en infinitivo), que é a mesma que a perífrase incoactiva. A primacía de unha componente sobre outro está en relacións coas circunstancias do contexto, se o evento non se sitúa inmediatamente en relación co momento da enunciación, o sentido incoativo non ten sentido. A tradución debe introducir un factor de necesidade:

- (44) *Kodi a- -ling- -í ko- -sómb- -a Ø- -ndáko.*
 Kodi 3SG:AN querer PRES INF mercar EXP 5ªSG casa
 “Kodi quere mercar a casa por que necesita dela”

Un caso especial de modalidade son os **suffixos intensivos** (*-áká, -aka*). O primeiro substitúe o expletivo no infinitivo, futuro e imperativo e indica modalidade epistémica, isto é, posibilidade ou certeza no infinitivo e futuro, mestres no imperativo indica insistencia. O segundo é usado no subxuntivo e tamén ten valor de insistencia.

- (45) a. *Kodi a- -ko- -pés- -áká ba- -bólá bi- -lambá.*
 Kodi 3SG:ANFUT dar INT 1ªPL pobres 4ªPL roupa
 “Realmente, Kodi vai doar a roupa aos pobres!”
- b. *Kodi, Ø- -pés- -aka ba- -bólá bi- -lambá.*
 Kodi IMP dar INT 1ªPL pobres 4ªPL roupa
 Kodi, ¡dálle xa a roupa aos pobres!

2. Negación

A negación exprésase mediante a partícula *té*. Esta sitúase ao final da unidade que nega:

- (46) a. *Kodi alobí té.*
 “Kodi non fala.”
- b. *Nayébi té sókó Kodi alingí ngái mótuka na yé ya sika.*
 “Non sei se Kodi quere mostrarme o seu coche novo.”
- c. *Nayébi te Kodi alingí té ngái mótuka na yé ya sika.*
 “Sei que kodi non quere ensinarme o seu coche novo.”

3. Interrogación

A interrogación en lingala é expresada principalmente pola entoación ascendente. Nas interrogativas totais mantense a orde das declarativas:

- (47) *O- -kok- -í ko- -kend- -a na Ø- ndáko ya Kodi?*
 2SG poer PRES INF ir EXP a 5ªSG ndáko CON Kodi?
 “¿Podes ir á casa de Kodi?”

As interrogativas parciais empregan o interrogativo, que pode funcionar como determinante ou como pronome, e presenta dúas series distintas:

	Determinante			Pronome	
	Animado		Inanimado	Animado	Inanimado
	Especificado	Non especificado			
SG	<i>náni</i>	<i>níni</i>	<i>níni</i>	<i>náni</i>	<i>níni</i>
PL	<i>banáni</i>	<i>níni</i>	<i>níni</i>	<i>banáni</i>	<i>níni</i>

cando o interrogativo funciona como actualizador do sustantivo o lingala distingue se o referente é inanimado ou animado. Neste caso, existe unha segunda distinción entre un conxunto limitado de posibles ‘candidatos’ coñecidos (especificado) ou unha elección sen retriccións (non especificado):

- (48) a. *Mobáli náni?* = “¿que home (entre algúns que coñecemos)?”
 b. *Mibáli banáni?* = “¿que homes (*ídem*)?”
 c. *Mobáli níni?* = “¿que home?”
 d. *Mibáli níni?* = “¿que homes?”
 e. *Lopángo níni?* = “¿que composto?”
 f. *Mapángo níni?* = “¿que compostos?”

como pronome non presenta ningún problema: aparece ao principio da cláusula se é suxeito,

- (49) *Náni a- -béng- -ákí yó?*
 INTR:SG:AN 3SG:ANchamar PASR 2SG
 “¿**Quen** te chamou?”

ou posposto ao verbo sé é obxecto:

- (50) a. *O- -béng- -akí náni*
 2SG chamar PASR INTR:SG:AN
 “¿**A quen** chamaches?”
 b. *Kodi a- -mon- -is- -ákí yó níni?*
 Kodi 3SG:ANver CAUS PASR 2SG INTR:IN
 “¿**Que** che ensinou Kodi?”

Os adverbios, que poden ser suxeito de interrogación, teñen unha distribución libre dentro da cláusula:

- (50) a. *Okendákí wápi?* = “¿Onde fuches?”
 b. *Wápi okendákí?* = “¿Onde fuches?”

É tamén común a contrución predicativa con elipse do verbo ser (especialmente na lingua coloquial):

- (51) a. *Wápi yó (ozá)?* = “¿Onde estás ti?”
 b. *Wápi kíti (ezá²)?* = “¿Onde está a cadeira?”

As construcións escindidas posúen unha construción interrogativa propia. O interrogativo precede á marca de tematización:

² *Ozá* e *ezá*: Formas contractas de *kozála* ‘ser’, ver a sección V.

(52)

Náni moto Kodi a- -mon- -is- -ákí mo- -tuka na yé
INTR:SG:AN TEMA Kodi 3SG:AN ver CAUS PASR 5ªSG coche POS3SG
 “¿A quen lle mostrou Kodi o seu coche?”

4. Oracións imperativas

As oración imperativas constrúense co verbo en forma imperativa:

(53) *Kodi Ø- -mon- -is- -a ngái mo- -tuka na yó!*
 Kodi **IMP** ver CAUS EXP 1SG 5ªSG coche POS2SG
 Kodi, ensíname o teu coche!

VI. CLÁUSULAS COMPLEXAS

1. Coordinación de cláusulas

Recoñécese sintacticamente a **coordinación** a medio da partícula *na* ‘e’ que coordina cláusulas e frases:

- (54) *Ngái na Kodi to- -ke- -í na Ø- -ndáko*
 Eu e Kodi 1PL ir PRES a 5ªSG casa
 “Kodi **máis** eu fomos a casa.”

- (55) *Kodi a- -ke- -í na Ø- -ndáko na*
 Kodi 3SG:ANir PRES e 5ªSG casa e

na- -bim- -á ko- -sómb- -a bi- -lóko
 1SG saír PRESP INF mercar EXP 4ªPL cousa

ya ko- -lý- -a.
 CON INF comer EXP

“Foi foi a casa e eu fun ao mercado.”

as adversativas son construídas coa conxunción *kási*:

- (56) *Na- -ling- -i ná- -kom- -él- -a yé mo- -kánda*
 1SG querer PRES 1SG:SUB escribir APL EXP 3SG 2ªSG carta

kási na- -yéb- í té a- -sál- -eke wápi.

pero 1SG saber PRES non 3SG:ANtraballar HAB onde

“Quero escribirlle unha carta, **pero** non sei onde traballa.”

2. Cláusulas completivas

Normalmente as cláusulas completivas en lingala non son introducidas por ningún elemento e funcionan como o obxecto da cláusula principal:

- (57) *Na- -yéb- -ís- -í yé to- -zal- -í ko- -kend- -a*
 1SG saber CAUS PRES 3SG:AN1PL ser PRES INF ir EXP
na Ø- -ndáko.
 a 5ªSG casa

“Díxenlle que estamos indo a casa.”

pero existe a conxunción completiva *te* ‘que’:

- (58) *Na- -yéb- -ís- -i yé te to- -zal- -í*
 1SG saber CAUS PRES 3SG:ANque 1PL ser PRES

ko- kend- a na Ø- -ndáko.
 INF in EXP a 5ªSG casa
 “Dixenlle que estamos indo a casa.”

Existe unha construción interrogativa indirecta total na que a cláusula subordinada é introducida por *sóki* ‘se, que, dúbida’ e un interrogativo ao final:

(59) *Na- -yéb- -i té sókí a- ling- -í níni.*
 1SG saber PRES non se 3SG:ANquerer PRES INTERG:INAN
 “Non sei se el quere.”

tamén existe en paralelo as interrogativas parciais coa mesma construción:

(60) *To- -yéb- -í té sókí a- ke- í wápi.*
 1PL saber PRES non que 3SG:ANir PRES onde
 “Non sabemos onde vai.”

3. Cláusulas relativas

A cláusula relativa pode construírse co pronome relativo *óyo*, que é invariable, ou sen pronome. A cláusula relativa está postposta ao antecedente:

(61) *Mi- -báli óyo ba- -món- -ákí ngái ba- -kót- -í*
 1ªPL home REL 3PL:AN ver PASR 1SG 3PL:AN entrar PRES
na Ø- -ndáko wâna.
 en 5ªSG casa DEM2
 “Os homes **que me viron** entraron nesa casa.”

(62) *Mo- -báli ngái na- -món- -ákí a- -kót- -í*
 1ªSG home 1SG SG ver PASR 3SG:AN entrar PRES
na Ø- -ndáko wâna.
 en 5ªSG casa DEM2
 “O home que vin entrou nesa casa.”

pero no caso dos verbos preposicionais (ver sección V) o antecedente non só é substituído polo pronome senón tamén por un pronome persoal que se sitúa despois na preposición na orde correspondente:

(63) *Mo- -túka óyo na- -zal- -í na yangó*
 2ªSG coche REL 1SG ser PRES 3SG:IN
é- -kend- -eke malémbe.
 3SG:INAN ir HAB lento
 “O coche que **teño** é lento.”

4. Subordinación adverbial

Con moita frecuencia os matices semánticos que as linguas europeas expresan con conxuncións son expresados en linlaga por medio de construcións xustapostas:

- (64) *Na- -ko- -bim- -a té, na- -ling- -í té.*
 1SG FUT sair EXP non 1SG querer PRES non
 “Non sairei **porque** non quero”

As comparativas son de superioridade ou de superlativo e son entendidas como procesos verbais. A construción fórmase co verbo *koleba* ‘superar’ ou, en menor medida, *kopusa* ‘sobrepasar’. Nas comparativas o primeiro termo da comparación é o suxeito, o segundo termo segue ao verbo e o adxectivo ao finala precedido da preposición *na*:

- (65) **Kodi a- -lek- -í Kalúlu na Ø- -makási.**
Kodi 3SG:AN superar PRES Kalulu 5ªSG forza
 “Kodi é máis forte que Kalulu.” (lit. = “Kodi supera a Kalulu en forza.”)

A construción superlativa tamén é entendida como un proceso verbal pero o segundo termo da comparación é substituído por *bangó*, que se dota de unha referencialidade xenérica:

- (66) *Kodi a- -lek- -í bangó na Ø- -makási.*
 Kodi 3SG:ANsuperar PRES 3PL:AN 5ªSG forza
 “Kodi é o máis forte.”

O lingala diferencia entre as **condicionais de condición real** ou aberta fronte ás **hipotéticas e contrafactuais**. A conxunción condicional é correlativa: a que introduce a apódose é *sókí* ou *sókó* ‘se’ e a protética *mbele* ‘logo, ergo’, que é potestativa. As condicionais de **condición real** son construídas co verbo principal en futuro e o subordinado en presente:

- (67) **Sókó o- -lé- -í Ø- -mápa na ngái,**
 Se 2SG comer **PRES** 5ªSG pan POS1SG
na- -ko- bét- -a yó.
 1SG **FUT** pegar EXP 2SG
 “Se comes do meu pan, pegareite.”

por outro lado as condicionais **hipotético-contrafactuais** estan construídas co verbo subordinado en subxuntivo ou pasado recente e o verbo principal coa forma composta de *kolina* ‘querer’ en pasado recente seguido polo verbo auxiliado en subxuntivo ou infinitivo:

- (68) Sókó ó- -béng- a ngái, na- -ling- -ákí
 se 2SG:SUB chamar EXP 1SG 1SG querer PASR
 ná- -sal- -is- -a yó.
 1SG:SUB facer CAUS EXP 2SG
 “Se me tiveses avisado, teríate axudado.”

A **noción de temporalidade** espésase antepoñendo *tángo* ‘tempo’:

- (69) *Tángo* ba- -kóm- -í na rond point, bus e- -tút- -án- -í
 tempo 3PL:AN chegar PRES a cruce bus 3SG:INAN bater EST PRES
 na mó- -tuka mōko ya pémbé.
 con 2°SG coche CUANTCON branco
 “Cando chegou a un cruce, o bus bateu con un coche branco.”

BREVE TEXTO ILUSTRATIVO

Likambo ya kobángisa

A: *Bon, bokiló na yé abimáki kosóm̃ba bilóko ya kalíya. Azwí bus. Tángo bakómi na rond point, bus etútátí na mó̃tuka mó̃ko ya pémbé. Ezalákí kokende na vitesse mó̃to ya kobánga. Bato ebelé bazalákí, bazokáki moyen té. Na káti ya bato wâná, bamemáki bato motóbá na hôpital. Bolikó na yé pé azaláki na káti ya bangó. Tángo bakeí na hôpital, tángo batáli yé, bamóni lobóko na yé ebúkúnákí. Na káti ya hôpital, moyibi mó̃kó azalákí kolála pembéni ya bokiló ya Sendi. Moyóbi wàna bapolice bazaláká koluka yé bandá kala. Nzokandé tíí leló bayákí kozwa yé na hôpital té.*

B: *Kási, baSendi bálóngola bokiló na bangó kúná!*

Li -kambo ya ko- -báng- -ís- -a
 3^aSG asunto CON INF ter medo CAUS EXP
 “Un conto que mete medo.”

Bon, bokiló na yé abimáki kosóm̃ba

Bon, bo- -kiló na yé a- -bim- -áki ko- -sóm̃b- -a
 Bon, 7^a- cuñada POS:3SG 3SG:AN saír PASR INF mercar EXP

» *bilóko ya kolíya. Azwí bus.*

bi- -lóko ya ko- -lý- -a. A- -zw- -í Ø- -bus.
 4^aPL cousas CON INF comer EXP 3SG:AN coller PRES 5^aSG bus.

“Bon, a súa cuñada saira para ir ao mercado (lit. a mercar cousas de comer). Colleu un bus.

» *Tángo bakómi na rond point, bus etútátí*

Tángo ba- -kóm- -í na rond point, bus e- -tút- -án- -í na
 tempo 3PL:AN chegar PRES a cruce bus 3SG:IN bater EST PRES con

mó̃tuka mó̃ko ya pémbé.

mó- -tuka mó̃ko ya pémbé.
 2^oSG coche CUAN CON branco

» *Cando chegou a un cruce, o bus bateu con un coche branco.*

» *Ezalákí kokende na vitesse mó̃to*

E- -zal- -ákí ko- -kend- -e na vitesse mó̃to

3SG:AN ser PASR INF ir EXP a velocidade CUAN

ya kobánga.

ya ko- -báng- -a.
CON INF temer EXP

»Estaba vindo a unha velocidade que asustaba moito.

»*Bato ebelé bazaláki na káti,*

Ba- -to ebelé ba- -zal- -áki na káti,
1ªPL persoa CUAN 3PL:AN ser PASR en dentro

bazokáki moyen té.

ba- -zok- -áki Ø- -moyen té.
3PL:AN estar mancado PASR 5ªSG -camiño non.

» había moitas persoas dentro, pero ninguén quedou mancado na estrada.

»*Na káti ya bato wâná, bamemáki*

Na káti ya ba- -to wâná, ba- -mem- -áki
en dentro CON 2ª persoa DEM2 3SG:AN levar PASR

»*bato motóbá na hôpital. Bolikó na yé pé*

ba- -to motóbá na Ø- -hôpital. Bolikó na yé pé
1ªPL persoa seis a 5ªSG hospital cuñada POS:3SG tamén

»*azaláki na káti ya bangó.*

a- -zal- -áki na káti ya bangó.
3SG:AN ser PASR dentro CON 3PL:AN

»Da xente de dentro, levaron seis persoas ao hospital. A súa cuñada» a súa cuñada tamén estaba con eles.

»*Tángo bakeí na hôpital, tángo batálí yé,*

Tángo ba- -ke- -í na hôpital, tángo ba- -tál- -í yé,
tempo 3PL:AN ir PRES a hospital,tempo 3PL:AN mirar PRES
3SG:AN

» *bamóní lobóko na yé ebúkánáki.*

ba- -món- -í lo- -bóko na yé e- -búk- -án- -áki.
3PL:AN ver PRES 6ªSG brazo POS:3SG 3SG:IN romperPSV PRESR

» Cando foron ao hospital, despois de examinala, viron que o seu brazo estaba roto.

»Na káti ya hôpital, moyíbi mőkó azalákí

Na káti ya hôpital, mo- -yíbi mőkó a- -zal- -ákí
dentro CON hospital 1SG ladrón CUAN 3SG:AN ser PASR

kolála pembéni ya bokiló ya Sendi.

ko- -lál- -a pembéni ya bo- -kiló ya Sendi.
INF durmir EXP a carón CON 14^a cuñada CON Sendi.

» Dentro do hospital, había un ladrón durmindo a carón da cuñada de Sendi.

»Moyóbi wâna bapolice bazaláká koluka

Mo-yóbi wâna ba- -police ba- -zal- -áká ko- -luk- -a
3^a-ladrón TEMA ASO -policía 3PL:AN ser PASD INF buscar
EXP

» yé bandá kala.

yé bandá kala.

desde moito tempo

»A este ladrón a policía estaba a buscar desde moito tempo atrás.

»Nzokandé tíí leló bayákí kozwa yé

Nzokandé tíí leló ba- -yák- -í ko- -zw- -a yé
Sen embargo ata hoxe 3SG:AN vir PRES INF coller EXP 3SG

na hôpital té.

na hôpital té.
a hospital non.

» Nembargantes, ata hoxe non foron a collelo ao hospital.

B: Kási, baSendi bálóngola bokiló na bangó kúná!

B: Kási, ba- -Sendi bá- -longol- -a bokiló na bangó kúná!
Pero, ASO Sendi 3PL:AN:SUB levarse EXP cuñada POS:3PL:AN alí

B: “Pero, que Sendi e os seus leven á sua cuñada de alí!”

Breve bibliografía

Asher, R. E. e Ch. Moseley,: (1994): *Atlas of world's languages*, New York: Routledge Reference.

Asher, R. E.: (1994): *The encyclopaedia of language and linguistics*, Oxford- New York, Seúl: Pergamon Pres.

Bwantsa-Kafungu: (1982): *J'apprends le Lingala tout seul en trois mois*, Kinshasa, Centre de Recherches Pédagogiques/ Centre linguistique Théorique et Appliquée.

Meeuwis, M.: (1998): *Lingala*, Munich: Lincom Europa.

Recursos en Internet

<http://www.bantu.ovh.org/fr/dico.html>, páxina da editorial Lincom, contén materiais para o estudo de diferentes linguas entre elas o lingala (no.261).

<http://www.bantu.ovh.org>, enderezo de *motete* o portal das linguas bantús con versión en francés e inglés. inclúe un buscador que permite atopar outros recursos.

<http://www.bantu.ovh.org/fr/dico.html>, o portal *motete* ofrece este dicionario *on line*.

<http://thor.prohosting.com/~linguist/media/lingalaphr.htm>, esta páxina ofrece unha breve fraseoloxía de uso cotiá en lingala.

http://www.homestead.com/ayimbidi_a_mfumu/home.html, esta páxina de música resulta interesante porque inclúe secuencias fonicas en lingala.

Outros enlaces onde se recollen textos en lingala son <http://www.etika.com/ibo/lingala.htm> e <http://www.languages-on-the-web.com/links/link-lingala.htm>.

Abreviaturas

1, 2, 3.:	primeira pessoa gramatical, segunda, terceira.
1^a, 2^a, 3^a.:	primeira classe nominal, segunda, terceira...
AN.:	animado
APL.:	infixo aplicativo (- <i>él</i> -)
ASO.:	prefixo de plural associativo (<i>ba</i> -).
CAUS.:	infixo causativo (- <i>is</i> -)
CON.:	conectivo (<i>ya</i>).
CUAN.:	quantificador indefinido (<i>mõko</i>)
DEM1, 2, 3.:	demonstrativos em grau de proximidade (<i>oyo, wâna, yangó</i>).
EST.:	infixo estativo (- <i>al</i> -)
EXP.:	sufixo verbal expletivo (- <i>a</i>)
FUT.:	futuro (- <i>ko</i> -...- <i>a</i>)
HAB.:	aspecto habitual (- <i>aka</i>)
IMP.:	modo imperativo (\emptyset -...- <i>á</i>)
IN.:	inanimado
INF.:	infinitivo (<i>ko</i> -...- <i>a</i>)
INT.:	sufixo intencificador (- <i>áká, -aka</i>).
INTR.:	interrogativo
PASD.:	sufixo de pasado distante (- <i>áká</i>).
PASR.:	sufixo de pasado recente (- <i>ákî</i>).
PSV.:	infixo de voz pasiva (- <i>am</i> -)
PL.:	plural
POS1,2...SG.:	posesivos de primeira, segunda...
PRESP.:	presente perfeito (- <i>á</i>)
PRES.:	presente (- <i>î</i>).
REC.:	infixo recíproco (- <i>an</i> -)
REF.:	infixo reflexivo (- <i>mí</i> -)
REL.:	pronome relativo (<i>óyo</i>)
SG.:	singular
SUB.:	modo subjuntivo (´)
TEMA.:	marca um elemento tematizado

I. INTRODUCCIÓN: FILIACIÓN XENÉTICA E RASGOS XERAIS.....	2
3. OUTROS DATOS RELEVANTES:.....	3
II. FONOLOXÍA.....	4
1. Sistema vocálico.....	4
2. Sistema consonántico.....	4
3. Rasgos suprasegmentais e nota ortográfica.....	5
III. ESTRUCTURA DE LA CLÁUSULA.....	6
0. Orden de constituíntes.....	6
1. A expresión dos participantes en cláusulas transtivas e intransitivas.....	6
1.1. Expresión do suxeito.....	6
1.2. Expresión de Obxecto.....	6
2. Cláusulas copulativas.....	7
3. Funcións non centrais: adposicións.....	7
4. Diátese e voz.....	8
4.1. Diátese.....	8
4.2. Voz.....	9
5. Expresión das funcións informativas.....	10
IV. NOMBRES E FRASES NOMINAIS.....	10
(a) Categorias nominais.....	10
1. Clases nominais.....	10
2. Número.....	11
(b) Os pronomes personais.....	12
(c) Estructura da frase nominal.....	12
1. Demostrativos.....	12
2. Numerais.....	13
3. Calificación adxectiva.....	14
4. Calificación 'posesiva' pronominal.....	14
5. Calificación nominal.....	15
V. CATEGORÍAS VERBAIS.....	16
1. Tempo, aspecto e modo.....	17
2. Negación.....	20
3. Interrogación.....	20
4. Oracións imperativas.....	22
VI. CLÁUSULAS COMPLEXAS.....	23
1. Coordinación de cláusulas.....	23
2. Cláusulas completivas.....	23
3. Cláusulas relativas.....	24
4. Subordinación adverbial.....	25
BREVE TEXTO ILUSTRATIVO.....	27
Likambo ya kobángísa.....	27
Breve bibliografía.....	30
Recursos en Internet.....	30
Abreviaturas.....	31

